

Lei 8/1984, do 10 de xullo, de asunción de competencias en materia de obras hidráulicas

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 218, do 13.2.1984.

Emendas, BOPG núm. 228, do 1.3.1984.

Debate de totalidade, DSPG núm. 69, do 27.3.1984.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 291, do 16.6.1984.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 297, do 29.6.1984.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 297, do 29.6.1984.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 81, do 10.7.1984.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 306, do 11.7.1984.

Diario Oficial de Galicia núm. 146, do 1.8.1984.

Boletín Oficial del Estado núm. 299, do 14.12.1984.

Lei 8/1984, do 10 de xullo, de asunción de competencias en materia de obras hidráulicas

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.12, establece a competencia exclusiva desta Comunidade Autónoma en materia de «aproveitamentos hidráulicos, canais e regadíos cando as augas discorran integralmente dentro do territorio da Comunidade, sen prexuício do disposto no artigo 149.1.22.^º da Constitución».

O retraso habido no calendario de transferencias previsto para a data do 1 de xullo de 1983, e as necesidades apreciadas nesta materia no territorio da Comunidade Autónoma xustifican a formulación da presente Lei.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a

Lei de asunción de competencias en materia de obras hidráulicas.

Artigo único

En exercicio das competencias asumidas no artigo 27.12 do Estatuto de Autonomía, autorízase á Xunta de Galicia para poñer en práctica un Plan de Inversións en materia de abastecementos e saneamentos, que incluirá os gastos da contratación e a xestión técnica.

Disposición derradeira

A presente Lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 1984

Gerardo Fernández Albor
Presidente